



**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2019, ENTRE A
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E ALDEAS INFANTILES SOS
GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO “PROGRAMA DE APOIO AO
ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA”.**

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2019

REUNIDOS

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 98/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento, o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e a resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra, don Víctor Manuel Muñoz Vázquez con NIF 35.308.641F, tesoureiro de Aldeas Infantiles SOS Galicia con NIF G36639896, con domicilio social en 2ª Travesía Barrio Ribadavia 1-4º, Vigo, Pontevedra, actuando en calidade de representante legal da entidade en virtude da escritura de apoderamento outorgada ante o Notario Antonio A. Salgueiro Armada de Vigo, con número de protocolo 1230 de data 16/06/2015,.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,





EXPOÑEN

Primeiro.- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo.- A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro e, en virtude di dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos





no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Quinto.- Aldeas Infantiles SOS Galicia conforme ao seu estatuto en vigor, é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar declarada de utilidade pública de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, con todos os dereitos establecidos no artigo 33 desta lei. Ase mesmo figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-3013.

Tal e como consta nos seus estatutos, entre os seus obxectivos figura o de integrar familiar e socialmente ás persoas menores en situación de risco ou desamparo, que lles sexan confiados pola Administración, de forma eficaz e positiva, impulsando a súa autonomía e emancipación en igualdade de dereitos e obrigas que o resto dos rapaces e rapazas, conseguindo que sexan cidadás válidos para a sociedade; de acordo co previsto na lexislación estatal e naquelas autonómicas que correspondan e aos principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno e demais normas aplicables, procurando e defendendo unha vida socio-familiar digna para a infancia, especialmente para os menores máis desfavorecidos a raíz de inxustizas estruturais e persoais.

Sexto.- No ámbito da protección de menores da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que o acollemento familiar tanto en familia allea como en familia extensa ten como finalidade a procura á persoa menor dun núcleo de convivencia familiar axeitado, ben sexa de xeito temporal, para a súa reinserción na súa familia de orixe ou para





a súa adaptación á familia que a vaia adoptar, ou ben de forma permanente, cando a idade ou outras circunstancias do/da menor e a súa familia así o requiran.

Neste sentido, as familias acolledoras “extensas” necesitan apoios, recursos e intervencións na súa función de proporcionar seguridade, afianzar o benestar, encher as necesidades que poidan xurdir e manexar os contactos e os vínculos cos proxenitores.

Neste sentido trátase dun recurso de apoio aos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia, mediante o que se facilita o adecuado desenvolvemento do/a menor acollido/a, mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e aos propios menores favorecendo a consecución dos obxectivos marcados coa formalización do acollemento e prevendo posibles situacións futuras de risco.

Sétimo.- De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 – en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

Oitavo.- Aldeas Infantiles SOS Galicia na actualidade conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento do dito programa, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos.



Aldeas Infantiles SOS de Galicia
2ª Travesía B.º Ribadavia, 1 - 4º
36204 VIGO





Así mesmo achega o valor engadido de contribuír ao financiamento do desenvolvemento do programa con fondos propios da entidade, cara á consecución dos fins do programa.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é a financiación, por parte da Consellería de Política Social, a Aldeas Infantiles SOS Galicia para o desenvolvemento do "Programa de Apoio ao Acollemento en Familia Extensa" para o ano 2019.

A dita financiación do programa, exclúe o ánimo de lucro e non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

SEGUNDA.- PERSOAS DESTINATARIAS

Menores acollidos/as en familia extensa, familias de acollida e pais e nais.

TERCEIRA.- OBXECTIVOS E CONTIDO

Obxectivo xeral:

Facilitar a consecución dos obxectivos marcados no momento da formalización do acollemento e previr posibles situacións futuras de risco mediante a detección e a abordaxe precoz dos problemas e/ou rehabilitación de situacións non desexables para o benestar dos/as menores.

Obxectivos específicos:

- Proporcionar atención especializada adaptada ás necesidades dos/as acollidos/as, das familias de acollida e dos pais e nais por medio de actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parentais e coidado dos/as menores, intervención





psicosocioeducativa e actuacións de mediación nas relacións familiares.

- Apoiar educativamente ás familias e aos/as menores no desenvolvemento de habilidades dende o ámbito cognitivo, actitudinal e emocional para afrontar de forma competente o proceso de acollemento.
- Celebración de sesións informativas iniciais (como parte do proceso de información e adquisición de coñecementos necesarios sobre o proceso de acollemento) dirixidas aos membros das familias acolledoras como paso previo ao comezo de calquera acollemento.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctense no anexo II , Programa de apoio aos acollementos.

CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, comprométese a:

- a) Poner en coñecemento de Aldeas Infantiles SOS Galicia os diferentes casos obxecto de incorporación ao programa.
- b) Financiar as actividades obxecto deste convenio nos termos sinalados na cláusula sétima.
- c) Supervisar as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa no marco do convenio.

QUINTA.- COMPROMISOS DE ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta.





Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social", co seu respectivo logotipo.





- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.
- j) Designar os/as profesionais que levarán a cabo o programa nas distintas provincias da Comunidade Autónoma, ao que poderán vincular o persoal voluntario que estimen conveniente, así como designar entre o dito persoal un/ha coordinador/a ou responsable do programa.
- k) Executar o programa cuxa metodoloxía e procedemento de intervención descríbese polo miúdo no Anexo II.
- l) Proporcionar os locais nos que se se desenvolverán as actividades.
- m) Elaborar e publicar no RUEPSS unha memoria anual das actividades realizadas, dentro do mes seguinte á finalización do convenio, e en todo caso no mes de xaneiro do ano seguinte de execución, que debe incluír os seguintes apartados:
 - 1. Xustificación do gasto.
 - 2. Actividades realizadas.
 - 3. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
 - 4. Valoración global.
 - 5. Accións de innovación e investigación.
- n) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/da menor sobre calquera outro.
- o) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- p) Subministrar á Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, toda a información necesaria para o cumprimento pola entidade





das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.

- q) Subministrar á Consellería de Política Social, previo requirimento, toda a información necesaria para el cumprimento por Aldeas Infantiles SOS Galicia das obrigas previstas neste apartado, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

SEXTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA.

As instalacións das que dispón Aldeas Infantiles SOS Galicia para levar a cabo este programa están emprazadas na Coruña, Vigo, Santiago de Compostela e Ourense.

Para o desenvolvemento do programa Aldeas Infantiles SOS Galicia contará cun equipo interdisciplinar de profesionais das áreas psicosocioeducativas, que proporcionará atención especializada ás necesidades dos acollidos, as familias acolledoras e os proxenitores por medio de actuacións de asesoramento e orientación, intervención psicosocioeducativa e actuacións en mediación nas relacións familiares, distribuído do seguinte xeito:

- Equipos A Coruña e Vigo. Cada equipo componse de tres profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).
- Equipo Santiago e Ourense. Componse de dous profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).

O programa conta ademais, con unha persoa que coordina o programa a nivel autonómico.

Casos a atender:

Atenderanse 130 casos en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, a través de catro equipos:

- Equipo A Coruña - atenderá 39 casos nas provincias da Coruña e Lugo.



Handwritten signature





- Equipo Santiago - atenderá 26 casos na provincia da Coruña.
- Equipo Vigo - atenderá 39 casos na provincia de Pontevedra.
- Equipo Ourense - que atenderá 26 casos na provincia de Ourense.

O equipo que Aldeas Infantiles SOS Galicia poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes aos/ás seus/súas traballadores/as e a que ostente respecto destes/as o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador/a.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS

A Consellería de Política Social financiará o custo derivado da execución das actividades do programa subvencionadas cunha contía global de 173.353,44 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.0, na que existe crédito axeitado e suficiente.

A subvención límitase á financiación dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada pola Xunta de Galicia non varíe.

Así mesmo, Aldeas Infantiles SOS Galicia comprométese a achegar a cantidade de 279.615,98 € procedentes de fondos propios da entidade e tamén con cargo ao IRPF.

O pagamento da subvención realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:





- Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 138.682,75 € (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse duna entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

- Os 34.670,68 € (20% da cantidade subvencionada) restantes pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

- a. Xustificación do gasto.
- b. Actividades realizadas.
- c. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
- d. Valoración global.
- e. Accións de innovación e investigación.

2. Unha memoria económica xustificativa do coste das actividades realizadas, que conterà:

- a. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención outórguese consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.





- b. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que faise referencia no apartado anterior a documentación acreditativa do pago.
 - c. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos no que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.
 - d. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar o beneficiario.
3. En canto aos custos salariais, Aldeas Infantiles SOS Galicia deberá presentar, referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:
- a. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
 - b. Recibos de salarios
 - c. Documentos TC2 e TC1 dos traballadores correspondentes ao meses imputados
 - d. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do/a técnico, cando este dedica ao total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratado, o gasto imputado será proporcional a súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, xuntarase un cálculo xustificativo da impu-



[Handwritten signature]





tación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do traballador titular subvencionaranse os custos que ocasiona o traballador que substitúe ao traballador titular.
- No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.)

4. En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa de Aldeas Infantiles SOS Galicia, en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- a) NIF da entidade.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de la Administración Tributaria.
- d) Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.





- e) Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar Aldeas Infantiles SOS Galicia a presentación dos documentos correspondentes.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2019, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con data límite 27 de decembro de 2019.

Aldeas Infantiles SOS Galicia, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Sen prexuízo de que o gasto subvencionable no marco deste Convenio de Colaboración abarca unicamente o exercicio 2019 (ata 31 de decembro), Aldeas Infantiles SOS Galicia terá como prazo límite o 31 de xaneiro de 2020 para remitir á Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, unha memoria final de actuación de exercicio 2019, na que se recollerán as experiencias do funcionamento do programa, que incluírá: o número de persoas atendidas (persoas menores e familias atendidas, desglosadas segundo os criterios establecidos), as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados e aqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe total non poderá ser superior ao importe da subvención.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL

Aldeas Infantiles SOS Galicia deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e someterse ás actuacións





de comprobación que a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poida requirirle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14 c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Aldeas Infantiles SOS Galicia deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSONAIS.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Consellería de Política Social- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de





interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio e na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia, de subvencións coas limitacións que ao efecto procedan, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Aldeas Infantiles SOS Galicia tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da execución do convenio o coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poda xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta que estará formada polos seguintes membros:

A comisión mixta estará formada polos seguintes membros:



[Handwritten signature]





- Dous representantes da Consellería de Política Social e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola persoa titular da Consellería.
- Dous representantes de Aldeas Infantiles SOS Galicia e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.
- Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola conselleira de Política Social.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2019.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓN LITIXIOSAS

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como pola Lei





40/2015, de 1 de outubro.

A subscrición deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Por el transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.





- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fora o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Se cando concorra calquera das causas de resolución indicadas, existiran actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo máximo improrrogable de 3 meses para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no apartado 2 do devandito artigo 52

DÉCIMO QUINTA. COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento





de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia

Por Aldeas Infantiles SOS Galicia

A conselleira de Política Social

O representante legal

Fabiola García Martínez

Víctor Manuel Muñoz Vázquez



Aldeas Infantiles SOS de Galicia
2ª Travesía B.º Ribadavia, 1 - 4º
36204 VIGO



ANEXO I

Tipo de custo	Importe dous custos	ALDEAS INFANTÍS SOS		Consellería de Política Social
		Fondos propios	Cargo IRPF	
Actividades Culturais	5.400,00	5.400,00		
Veraneos e Campamentos	15.000,00	15.000,00		
Agasallos aniversarios e reis nenos	4.870,00	4.870,00		
Aluguer oficina Coruña	11.400,00	11.400,00		
Aluguer despacho Santiago	5.808,00	5.808,00		
Aluguer despacho Ourense	6.000,00	6.000,00		
Aluguer prazas garaxe	3.056,40	3.056,40		
Servizo de Limpeza oficina	2.904,00	2.904,00		
Resto de gastos de mantemento.	900,00	900,00		
Mantemento maquinas oficina	300,00	300,00		
Mantemento reparación vehículos	600,00	600,00		
Seguros	1.564,05	1.564,05		
Gastos representación	150,00	150,00		
Auga	200,00	200,00		
Electricidade	2.000,00	2.000,00		
Carburante vehículos propios	2.000,00	2.000,00		
Gastos viaxes director	2.400,00	2.400,00		
Gastos viaxes técnicos	16.500,00	16.500,00		
Outras atencións	2.500,00	2.500,00		
Teléfono	1.500,00	1.500,00		
Teléfono móbil	2.100,00	2.100,00		
Correos e mensaxeiros	150,00	150,00		
Material de oficina	1.200,00	1.200,00		
Cursos de formación	2.000,00	2.000,00		
Imposto circulación vehículos	180,00	180,00		
Soldo Director	52.032,18	19.870,70	32.161,48	
Seguros Sociais	14.606,20	14.606,20		
Soldo 3 Técnicos Programa Vigo	69.163,26	6.587,14		62.576,12
Seguros Sociais	22.132,25	22.132,25		
Soldo 3 Técnicos Programa Coruña	66.741,72			66.741,72
Seguros Sociais	21.357,36	21.357,36		
Soldo 2 Técnicos Programa Santiago	44.035,60			44.035,60
Seguros Sociais	14.091,40	14.091,40		
Soldo 2 Técnicos Programa Ourense	44.035,60		44.035,60	
Seguros Sociais	14.091,40	14.091,40		
TOTAL GASTOS	452.969,42	203.418,90	76.197,08	173.353,44



[Handwritten signature]



Aldeas Infantiles SOS de Galia
2ª Travesía B.º Ribadavia, 1 -
36204 VIGO





ANEXO II. PROGRAMA



PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA PLANIFICACIÓN ANUAL 2019



PRESENTACIÓN

O programa de Apoio ao Acollemento en familia extensa de Aldeas Infantiles SOS comeza a súa andadura a nivel autonómico no ano 2014. Enmárcase dentro da idea que desde Aldeas Infantiles SOS subxace a todos os programas, que é o desenvolvemento saudable dos nenos e adolescentes nun entorno familiar protector. Como Organización cremos que o desenvolvemento ideal dos nenos e adolescentes garántese por medio de catro principios que guían o noso traballo:

- Un entorno familiar protector.
- O apoio de redes sociais sólidas.
- A toma de decisións e accións baseadas sempre no interese superior do neno.
- A participación dos nenos na toma de decisións que afectan á súa vida.

Un dos principais grupos meta da nosa Organización son os nenos privados do coidado parental, e atendendo á diversidade familiar actual, así como á diversidade en entornos familiares en relación ao desenvolvemento da medida de protección á infancia, poñemos en marcha, ademais dos Programas de Protección de acollemento residencial, programas de apoio ao acollemento en familia, nas súas distintas modalidades (familia extensa, familia allea e familia allea especializada), nos distintos territorios.

Nestes últimos anos, converxeron varios criterios de oportunidade para poder implementar e impulsar estes programas de apoio ao acollemento en familia: a dilatada experiencia en protección infantil mediante o acollemento residencial, o traballo realizado coas familias de orixe en varios territorios en consonancia cos equipos de familia e menores das Administracións Públicas, e os programas de fortalecemento familiar na área de prevención, unido á lexislación vixente en materia de protección á infancia que avoga polo acollemento.

Para iso é primordial asegurar o éxito do acollemento nunha contorna protectora segura, mediante o acompañamento, orientación e apoio aos núcleos acolledores xunto ás súas familias de orixe. Sinalar que se han de incorporar como pezas fundamentais para o axeitado desenvolvemento dos nenos e adolescentes, a familia de orixe e a familia acolledora, dado que a integración de ambos sistemas facilitará un adecuado desenvolvemento do neno e adolescente en collida.

DATOS DO PROGRAMA

Entidade. Aldeas Infantiles SOS Galicia

Denominación. Programa de Apoio ao Acollemento en familia extensa

Periodo de execución. O período de execución do proxecto é do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2019.



Ámbito xeográfico do programa. Comunidade autónoma de Galicia.

DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa de Acollemento Familiar pretende dar resposta ás necesidades do menor, da familia de acollida e dos proxenitores ao longo do proceso de acollemento, en coordinación cos equipos técnicos do menor.

Baséase nun enfoque metodolóxico no que o benestar do neno é o obxectivo final da intervención. Esta visión comporta que o foco de traballo se centre na dinámica relacional que se establece entre as persoas en relación ao seu sistema familiar, social e cultural, e por tanto que haxa que traballar tanto cos nenos e adolescentes acollidos, como cos seus núcleos acolledores, coa súa familia de orixe e co contexto socio-cultural e educativo no que viven.

O apoio na construción dunha identidade positiva do neno convértese nun dos elementos para incidir no traballo coa infancia protexida. Hai unha relación directa entre identidade e comportamentos resilientes, o que nos leva a traballar sobre "o dar sentido", a través do autoconocimiento, a construción de si mesmo e a vivencia integradora da súa historia de vida familiar.

Desde Aldeas Infantiles, entendemos o apoio ás familias como unha forma de incidir no desenvolvemento das súas competencias educativas e habilidades parentales, e que estas estean baseadas nun "bo trato á infancia". Así pois, pretendemos "fortalecer" o sistema familiar en relación ao benestar do neno e o adolescente, recoñecendo as súas posibilidades, o seu papel na apertura de oportunidades e preservando e promovendo as súas fortalezas.

Velamos por unha relación de colaboración entre as familias de acollida e os proxenitores. En todo momento utilizamos como ferramenta fundamental a observación participante e a escóita activa como método, tendo en conta o momento evolutivo das persoas, as súas crenzas e a situación familiar. O traballo das emocións permítenos acompañar ás familias a partir da súa propia vivencia e maneiras de construír as súas relacións. Así pois, estamos atentos á forma en que os nenos e as familias narran as súas experiencias, promovendo cambios que preserven a súa identidade e cultura familiar, para conseguir que no acompañamento, os relatos poidan ser coherentes coa situación vivida.

Con respecto ao apoio técnico é necesario que os nenos e as familias se sentan acompañados coa existencia e a accesibilidade ao programa, e que esta relación de axuda lles xere tranquilidade durante o proceso de acollemento. O feito de poder darlles unha atención directa coa frecuencia adecuada ás súas necesidades favorece o vínculo cos menores e as familias e a relación de confianza establécese con máis facilidade.

Todo este traballo realízase desde unha formulación interdisciplinar, en rede e cooperativo, favorecendo así unha vivencia máis integradora da situación de acollida. As intervencións pretenden achegar as boas prácticas ás familias no seu día a día.



POBOACIÓN ATENDIDA

O persoal técnico do Servizo de Familia e Menores das distintas Xefaturas Territoriais é o encargado de seleccionar e derivar a este recurso aos menores e as súas familias, sendo eles os que establecen os criterios de selección. De forma habitual son as situacións de crise no acollemento unha das principais causas de derivación.

As persoas beneficiarias do programa responderán a algún dos seguintes perfiles:

- Os nenos e adolescentes que están baixo unha medida de protección da Comunidade Autónoma, e que ao non poder permanecer coa súa familia de orixe, conviven temporalmente con unha familia acollidora extensa.
- As familias de orixe nas que se teña declarado unha medida de desamparo respecto aos seus fillos entendendo que esa medida se produce a causa do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos nenos.
- As familias acolledoras en familia extensa, que teñen consigo aos nenos en acollemento familiar, mediante a formalización dun contrato de acollemento coa entidade pública competente.

OBXECTIVOS

Propoñémonos obxectivos a dous niveis:

Respecto aos nenos e ás familias, van dirixidos a facilitar o adecuado desenvolvemento do acollemento.

- Acompañar ao menor acollido na construción dunha identidade positiva asegurando que os vínculos que xenera sexan positivos e poida dar sentido á súa realidade de maneira axustada.
- Acompañar as familias nas pautas de crianza dende o desenvolvemento das súas competencias e habilidades parentales, promovendo os factores de protección hacia os menores.
- Integrar a familia de orixe, facilitando espazos de relación e velando por que se dé una relación respetuosa entre os acolledores e la familia de orixe.
- Fortalecer as redes sociais e da comunidade na que se desenvolve o neno e a súa familia, donde poidan encontrar suficientes recursos para desenvolverse nos diferentes ámbitos en canto as súas necesidades e expectativas.

Respecto ao programa de acollemento, fan referencia á súa implementación e desenvolvemento como programa.

- Reducir o número de beneficiarios en espera para a súa incorporación ao servizo, aumentando o número de usuarios.



- Ofrecer un servizo desde a proximidade que minimize as perdas de tempo por desprazamentos, incrementando e reorganizando os medios humanos e materiais para a prestación do servizo.
- Mellorar a atención aos beneficiarios do recurso, aumentando a frecuencia das intervencións cos menores e familias beneficiarios.

ACTIVIDADES

As accións propias da prestación do servizo aos distintos beneficiarios do programa, pódense agrupar en dous tipos principais de actividades:

Incorporación, seguimento e alta no programa. No marco desta actividade levaráanse a cabo aquelas accións relacionadas cos procedementos vinculados á prestación de servizos do programa. Estas accións son as seguintes:

- Derivación e alta no programa. Correspóndelle ao Servizo de Familia e Menores o estudo, valoración e orientación cara a este recurso do neno e a súa familia. O alta iníciase coa presentación da familia e aceptación pola súa banda da inclusión no programa.
- Estudo diagnóstico e planificación. Estudo de necesidades para o que se realizan as visitas domiciliarias e entrevistas persoais pertinentes (co neno, familia de orixe e acollidora), para elaborar o Proxecto de Intervención Familiar.
- Coordinación. Reunións periódicas e sesións de traballo en rede durante todo o proceso de intervención con todos os axentes que interveñen no caso, para programar unha intervención en función das necesidades detectadas de cada proxecto de actuación, desde un enfoque metodolóxico interdisciplinar.
- Seguimento. A través de entrevistas persoais co neno, familia de orixe e acollidora, visitas domiciliarias e chamadas telefónicas. Elaboración de informes semestrais de seguimento do proceso de acollida.
- Despedida. Preparación do proceso de peche do acollemento. A baixa no programa será de acordo cos ETM do Servizo de Menores, ben pola consecución dos obxectivos, ou ben por desexo expreso dalgunha das partes intervinientes.

Implementación do Plan de Intervención Familiar. Este bloque de actividades contempla distintas accións, axustadas ás necesidades dos destinatarios. Así, segundo estas necesidades, e intereses, contéplanse as seguintes accións:

- Acompañamento. Acompañamento a menores e/ou familias segundo as necesidades concretas que poidan xurdir nas distintas áreas, social, sanitaria, educativa...



- Actividades de respiro. Ofrece aos menores incluídos no programa un tempo de lecer alternativo durante as vacacións de verán nun espazo estimulante e enriquecedor fóra da súa contorna familiar. Facilitan, ademais, ás familias acolledoras un período de descanso que lles axude a conciliar a atención aos menores con outros aspectos da súa vida.
- Organización de encontros e supervisión de visitas. Deseño de espazos “puntos de encontro” entre a familia de orixe e a familia extensa acolledora. Enténdese o punto de encontro, non como un espazo concreto, senón o feito en sí de atoparse ambas familias. Acompañamento nas visitas familiares entre o menor e a súa familia de orixe.
- Mediación. Accións de mediación entre o menor, acolledores e proxenitores posibilitando distintas alternativas de intervención que axuden a estabilizar a dinámica familiar e a resolución de conflitos.
- Accións educativas a través da intervención dirixidas a:
 - Fomentar as habilidades parentales para o coidado dos nenos por parte das familias.
 - Mellorar a calidade das relacións das familias coa súa contorna e reforzar o sistema de apoio ou rede social.
 - Potenciar a autonomía e favorecer mecanismos de autoxestión.
 - Proporcionar información técnica da medida de protección e accións de axuda dirixidas a que as familias interioricen a situación de acollemento.

Entre as actividades encamiñadas ao fortalecemento e optimización do programa encóntranse as seguintes:

- Ampliación do convenio de colaboración. Facer os trámites oportunos para ampliar o número de plazas de atención no marco do Convenio coa Consellería de Política Social.
- Selección, e incorporación á prestación do servizo dos recursos humanos e materiais da provincia de Ourense. Desenvolver un proceso de selección de dos profesionais da área psicosocioeducativa e acondicionar as instalacións dun espazo na provincia de Ourense desde o que se levará a cabo a prestación do servizo nesa provincia.
- Reorganización do servizo a nivel de toda a comunidade galega. Realizar unha reasignación de casos nos distintos equipos de traballo atendendo a criterios de proximidade. Este proceso se desenvolverase de forma paulatina e contempla unha planificación inicial conxunta dos equipos de traballo para a reasignación dos casos e as posteriores reunións de traslado de información dos expedientes a cada equipo territorial, así como entrevistas de presentación cos usuarios do servizo e cos ETM.



Calendario de actividades

Actividade	Data inicio	Data fin
Ampliación do convenio de colaboración coa Consellería de Política Social no servizo de apoio ao acollemento en familia extensa.	01/01/2019	31/01/2019
Selección, e incorporación á prestación do servizo, dos recursos humanos e materiais na provincia de Ourense.	01/01/2019	31/01/2019
Reorganización do servizo a nivel de toda a comunidade galega.	01/02/2019	31/05/2019
Incorporación, seguimento e alta no programa.	01/01/2019	31/12/2019
Implementación do Plan de Intervención Familiar.	01/01/2019	31/12/2019

RECURSOS MATERIAIS E PERSOAIS DO PROGRAMA

Formado por un equipo interdisciplinar de profesionais das áreas psicosocioeducativas, que proporcionará atención especializada ás necesidades dos acollidos, as familias acolledoras e os proxenitores por medio de actuacións de asesoramento e orientación, intervención psicosocioeducativa e actuacións en mediación nas relacións familiares.

Atenderanse 130 casos en toda a comunidade autónoma, para o que se implementan catro equipos.

Equipo A Coruña - atenderá 39 casos nas provincias de A Coruña e Lugo.

Equipo Santiago - atenderá 26 casos na provincia de A Coruña.

Equipo Vigo - atenderá 39 casos na provincia de Pontevedra.

Equipo Ourense - que atenderá 26 casos na provincia de Ourense.

As instalacións das que dispón Aldeas Infantiles para realizar este programa están emprazadas na Coruña, Vigo, Santiago de Compostela e Ourense.

- Na Coruña dispónse de 1 local en réxime de aluguer, distribuído en 1 sala de reunións/sesións formativas, sala de entrevistas e zona de despacho/oficina con 4 postos, 2 aseos.
- En Vigo as instalacións atópanse emprazadas nun edificio propio de Aldeas Infantís, contando para este programa con 2 oficinas, cada unha delas con dous postos, unha delas equipada para a realización de entrevistas, 1 sala de entrevistas e 1 sala para sesións formativas, 2 aseos.
- En Santiago de Compostela dispónse de 1 local en réxime de aluguer distribuído en 1 sala de entrevistas e zona de despacho/oficina con 2 postos, 1 aseo.
- En Ourense dispónse de 1 local en réxime de aluguer distribuído en 1 sala de entrevistas e zona de despacho/oficina con 2 postos, 1 aseo.



O persoal de atención directa do programa divídese nos equipos anteriormente mencionados.

- Equipos A Coruña e Vigo. Cada equipo componse de tres profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).
- Equipo Santiago e Ourense. Componse de dous profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).

O programa conta ademais, cunha persoa que coordina o programa a nivel autonómico.

AVALIACIÓN E INDICADORES

Entendemos a avaliación como un proceso continuo dentro do desenvolvemento do proceso do acollemento familiar. Ao longo dos diferentes procedementos, así como en todo o enfoque do programa de Acollemento Familiar está a mellora continua como forma de avanzar no programa. Entendemos a avaliación a diferentes niveis.

Avaliación de Procesos: Baseada na forma en que realizamos as accións e os diferentes procedementos, avaliando o cumprimento dos mesmos e detectando áreas de mellora.

Avaliación de Satisfacción: Consideramos importante contar coa avaliación dos nosos principais grupos de interese, o menor, a familia biolóxica, a familia acolledora, así como a propia administración, nos seus diferentes niveis. Igualmente, avaliamos a opinión de todos aqueles equipos de traballo cos que realizamos un traballo en rede.

Avaliación de impacto e resultados: Neste apartado, avaliamos a eficacia do programa así como os resultados nos menores e a familia a partir de indicadores de obxectivo.

Aldeas Infantiles SOS conta cun Plan Anual onde se programan os principais obxectivos e avalíanse semestralmente.

Os resultados de todo o proceso de avaliación, incorpóranse a unha memoria de traballo anual.



Obxectivo	Indicador	Resultado esperado
Acompañar ao menor acollido na construción dunha identidade positiva asegurando que os vínculos que xenera sexan positivos e poida dar sentido á súa realidade de maneira axustada.	Porcentaxe de nenos que saben por qué están no programa. (Aplicable aos que por idade se pode abordar).	100% dos nenos que teñen capacidade de comprensión sepan a realidade da súa historia familiar.
	Porcentaxe de nenos que coñecen a situación dos seus proxenitores. (Aplicable aos que por idade se pode abordar).	100% dos nenos que teñen capacidade de comprensión sepan a realidade da súa historia familiar.
	Porcentaxe de familias que están comprometidas a traballar a historia de vida do menor de maneira positiva.	70% das familias traballan a historia de vida do menor de forma positiva.
Acompañar as familias nas pautas de crianza desde o desenvolvemento das súas competencias e habilidades parentais, promovendo os factores de protección hacia os menores.	Porcentaxe de familias acolledoras que son coñecedoras do significado do acollemento e do seu proceso (obrigacións e dereitos).	90% das familias sexan coñecedoras da medida.
	Porcentaxe de proxenitores que son coñecedores do significado do acollemento e do seu proceso (obrigacións e dereitos).	90% das familias sexan coñecedoras da medida.
	Porcentaxe de familias acolledoras que mostran satisfacción porlo apoio recibido no programa.	70% das familias manifeste satisfacción.
	Porcentaxe de familias que consideran que melloraron o seu benestar familiar.	90% das familias perciban melloría.
	Porcentaxe de familias que se mostraron colaboradoras, siguen as orientacións e ven a necesidade de cambio.	70% das familias se mostren colaboradoras.
Integrar a familia de orixe, facilitando espazos de relación e velando por que se dé una relación respetuosa entre os acolledores e a familia de orixen.	Porcentaxe de menores que manteñen contacto cos seus proxenitores.	70% de los menores.
	Porcentaxe de variacións no réxime de visitas, tendo en conta o benestar do menor.	No 70% dos menores que teñen posibilidade de contacto coa súa familia de orixe, varíe o seu réxime de visitas tendo en conta o seu benestar.
	Porcentaxe de retornos conseguidos naqueles casos nos que se valore a reintegración.	50% dos menores retornen coa súa familia de orixe, naqueles casos que este suposto se valore.
	Porcentaxe de menores que manifesta conflito de lealdades respecto aos seus proxenitores e acolledores.	90% dos menores non manifesten conflito de lealdades.
Fortalecer as redes sociais e da comunidade na que se desenvolve o neno e a súa familia, donde poidan encontrar suficientes recursos para desenvolverse nos diferentes ámbitos en canto as súas necesidades e expectativas.	Número de intervencións dos profesionais en momentos de crise.	50% das familias rebaixen o número de conflitos.
	Número de contactos de coordinación con outros profesionais (contactos telefónicos, entrevistas...) Nº de acompañamentos e/ou derivacións a recursos da comunidade.	Polo menos un contacto trimestral. Polo menos un acompañamento trimestral.



Obxectivo	Indicador	Resultado esperado
Reducir o número de beneficiarios en espera de incorporación ao servizo, aumentando o número de usuarios.	Nº de usuarios en espera de incorporación.	0 beneficiarios en espera de incorporación.
	Nº de prazas ampliadas no Convenio de colaboración coa Consellería.	30 novas prazas no Convenio de colaboración ampliado.
	Grado de satisfacción dos ETM coa capacidade do programa e a axilidade na resposta recibida.	A totalidade dos ETM mostra un maior grado de satisfacción coa capacidade do programa e a axilidade na resposta recibida.
Ofrecer un servizo de proximidade que minimize as perdas de tempo por desprazamentos, incrementando e reorganizando os medios humanos e materiais para a prestación do servizo.	Nº de nenos e familias atendidos no servizo.	130 menores e 170 familias atendidos no servizo.
	Nº de profesionais dedicados á prestación do servizo.	10 profesionais destinados á prestación do servizo na comunidade autónoma.
	Nº de instalacións dedicadas á prestación do servizo na comunidade autónoma.	4 instalacións destinadas á prestación do servizo.
Mellorar a atención aos beneficiarios do recurso, aumentando a frecuencia das intervencións cos menores e familias.	Porcentaxe de beneficiarios cuxo profesional e centro de referencia áchase localizado a unha ou máis de desprazamento.	Reducir nun 30% ou máis os beneficiarios cuxo profesional e centro de referencia esté localizado a unha hora ou máis de desprazamento.
	Número de intervencións coa familia e/ou o menor (contactos telefónicos, visitas domiciliarias, entrevistas...)	Incremento dun 25% do nº de intervencións por familia e menor.
	Frecuencias das intervencións por familia e menor.	Polo menos un 75% das familias ven incrementada a frecuencia das súas intervencións.
	Grado de satisfacción das familias coa axilidade na resposta recibida.	95% dos beneficiarios móstranse satisfeitos coa atención recibida.



Aldeas Infantiles SOS de Galicia
2ª Travesía B.º Ribadavia, 1 - 4º
36204 VIGO

EFQM



Asociación
Aldeas Infantiles SOS
de Galicia